



Liina Leijala

A violonchelista Liina Leijala nace en 1984 en Keuruu, Finlandia.

Estudou na *Sibelius-Akatemia*, na *Escuela Superior de Música Reina Sofía* e na *Universität für Musik und darstellende Kunst Wien*.

Colaborou con orquestras como a *Mahler Chamber Orchestra*, a *Orquestra de Cámara Salzburg Chamber Soloists* ou a *Verbier Festival Orchestra*.

Na actualidade é directora do *Barenboim-Said Foundation Center*, mestra de violonchelo na *Wiener Musikakademie* e no *Barenboim Said Foundation Center*. É violonchelista no *Trio Global*.

Liina Leijala

PROFESORA VIOLONCHELO

Historial Académico

A violonchelista Liina Leijala nace en 1984 en Keuruu, Finlandia. Estuda na *Sibelius-Akatemia* con Heikki Rautasalo e Marko Ylönen, así como na *Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid*, con Ralf Gothoni.

En primavera de 2012 termina os seus estudos de Master na Academia Sibelius coas máis altas calificacións. Ademais, completou os seus estudos de postgrado na *Universität für Musik und darstellende Kunst Wien*.

Experiencia

Na actualidade, Leijala é directora do *Barenboim-Said Foundation Center* mestra de violonchelo na *Wiener Musikakademie* e no *Barenboim Said Foundation Center*. É violonchelista en *Trio Global*.

Liina Leijala foi finalista no *EBU Young Soloist Competition* e gañadora de numerosos concursos internacionais, como *International Gaetano Zinetti Competition* e *Majano Chamber Music Competition*. O Gironcoli Cuarteto de Leijala gaña o *International Chamber Music Competition en Bled*, en 2013. Ademais, traballou con *Barbirolli Quartet* en Londres.

É nominada para as series de concertos de *Novos Talentos* na *Musikverein* de Viena, onde debuta no concerto de apertura da temporada 2013. Actuou como solista por toda Europa, Asia e Estados Unidos.

Actuou como violonchelista solista na *Orchestra Academy of Vienna Philharmonic*, 2009-2011. Tamén colaborou coa *Mahler Chamber Orchestra* e actúa a miúdo coa *Orquestra de Cámara Salzburg Chamber Soloists*. É membro da *Verbier Festival Orchestra*. A primavera de 2013 foi escollida polo *European El Sistema*, proxecto da *Konzerthaus* de Viena.

Referentes salientados para ela foron o pianista e director de orquestra Ralf Gothoni e o pianista Ferenc Rados. Leijala conta co apoio da *Wihuri Foundation*, *Wegelius Foundation* e *Pro Musica Foundation*.

O instrumento de Liina Leijala es un *Vincenzo Postiglione* de 1896, polo que Leijala mostra os seus agradecementos á *Finnish Culture Foundation*